



# CONCRECIÓN CURRICULAR. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

CENTRO: IES CASTRO ALOBRE  
DATA: 30 de setembro de 2023

## ÍNDICE

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.
2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)

## 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

### 1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes

- Cada departamento elabora o Plan de seguimento para alumnado con materia pendente ao inicio de curso e cada profesor/a se encarga de cubrir o informe de seguimento trimestral do proceso. Neste plan contémpanse tanto o número de probas e oportunidades de recuperación, como a metodoloxía, o material e as actividades que servirán de instrumentos de avaliación xunto coas probas a realizar. As persoas responsables da elaboración dos boletíns e exames serán en última instancia as xefas e xefes dos departamentos, previo acordo co resto do profesorado dos mesmos, pero o plan de seguimento será realizado polo profesorado que lle imparte clase da materia no curso actual.
- O Plan de reforzo para alumnado con materias pendentes elabórase a comezos de curso en cada departamento, expónse nos taboleiros e publícase na páxina web, pero ademais serve de guía para facer o seguimento durante todo o curso. Cada departamento establece plans diferentes (entrega de traballos, boletíns, probas escritas eliminatorias de materia, probas finais e, por suposto, combinación delas).
- Desde os departamentos e baixo a coordinación de Xefatura de estudos, establécese un calendario de probas parciais e/ou totais, aprobados en CCP e publicados nos diversos medios de difusión (taboleiros de materias pendentes, taboleiros das aulas e páxina web).
- Para bacharelato establécese un calendario parcial en xaneiro e febreiro, un calendario oficial en abril e maio e un calendario extraordinario entre o 5 e 7 de xuño para 2º de Bacharelato e 19 a 21 de xuño para 1º.

### 1.2. Criterios para o alumnado de PMAR

1. Os criterios para o alumnado de PDC serán os mesmos aplicables ao alumnado da ESO en canto a promoción e a titulación:
2. Considerarase que o alumnado pode promocionar con todos os ámbitos e materias aprobadas ou con dúas materias suspensas, segundo indica a orde, pero tamén, segunda esta, o alumnado poderá promocionar con máis de dúas materias suspensas (considerando os ámbitos como suma de varias), sempre que simultaneamente se dean estes condicionantes:
  - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e ámbitos cursados (do curso actual e pendentes de cursos anteriores) sexa igual ou superior a 5.
  - Que, a xuízo do equipo docente, o alumnado adquirise todas as competencias claves (para isto empregárase a folla de cálculo onde se valora competencialmente ao alumnado a través das notas de cada materia e ámbito, tendo en conta as porcentaxes establecidas en CCP).
  - Que o equipo docente considere beneficiosa a promoción (por considerar que o alumnado precisa estar co seu grupo de compañeiros/as ou porque as materias ou ámbitos suspensos se deberon a unha situación puntual de especial vulnerabilidade durante este curso).
3. O alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez

	<p>e poderá repetir dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2. da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No caso de non ter repetido nunca durante a etapa, o alumnado que o precise podería repetir o cuarto curso dúas veces.</p> <p>4. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso, como medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe (este tipo de medidas serán comunicadas polo profesorado ás familias mediante un informe elaborando na 3ª avaliación, de cara á recuperación das materias e/ou ámbitos suspensos na avaliación final).</p>
<p><b>1.3.Criterios de promoción do alumnado de ESO e Bacharelato.</b></p>	<p><b>PROMOCIÓN NA ESO</b></p> <p>1. Considerarase que o alumnado pode promocionar con todos os ámbitos e materias aprobadas ou con dúas materias suspensas, segundo indica a orde, pero tamén, segunda esta, o alumnado poderá promocionar con máis de dúas materias suspensas (considerando os ámbitos como suma de varias), sempre que simultaneamente se dean estes condicionantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e ámbitos cursados (do curso actual e pendentes de cursos anteriores) sexa igual ou superior a 5.</li> <li>- Que, a xuízo do equipo docente, o alumnado adquirise todas as competencias claves (para isto empregarase a folla de cálculo onde se valora competencialmente ao alumnado a través das notas de cada materia e ámbito, tendo en conta as porcentaxes establecidas en CCP).</li> <li>- Que o equipo docente considere beneficiosa a promoción (por considerar que o alumnado precisa estar co seu grupo de compañeiros/as ou porque as materias ou ámbitos suspensas se deberon a unha situación puntual de especial vulnerabilidade durante este curso).</li> </ul> <p>2. O alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e poderá repetir dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2. da Lei Orgánica 2/2006, do 3</p>

	<p>de maio, de educación. No caso de non ter repetido nunca durante a etapa, o alumnado que o precise podería repetir o cuarto curso dúas veces.</p> <p>O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso, como medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe (este tipo de medidas serán comunicadas polo profesorado ás familias mediante un informe elaborando na 3ª avaliación, de cara á recuperación das materias e/ou módulos suspensos na avaliación final).</p> <p><b>PROMOCIÓN EN BACHARELATO</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. O alumnado acadará a promoción de 1º a 2º de Bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.</li> <li>2. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que, como mínimo o alumnado deba cursar en cada un dos bloques.</li> </ol>
<p><b>1.4. Criterios de Titulación</b></p>	<p><b>TITULACIÓN NA ESO</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Obterá o título de graduado en ESO o alumnado que supere todas as materias e ámbitos cursados.</li> <li>2. O equipo docente poderá decidir a obtención do título de ESO con materias suspensas, segundo indica a orde, pero tamén, segunda esta, sempre que simultaneamente se dean estes condicionantes:</li> <li>3. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e ámbitos en que estea matriculada ou matriculado (do curso actual e pendentos de cursos anteriores) sexa igual ou superior a 5.</li> <li>4. Que, a xuízo do equipo docente, o alumnado adquira todas as competencias claves (para isto empregárase a folla de cálculo onde se valora competencialmente ao alumnado a través das notas de cada materia e ámbito, tendo en conta as porcentaxes establecidas en CCP).</li> </ol> <p><b>TITULACIÓN EN BACHARELATO</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Para obter o título de bacharel o alumnado cumprirá avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.</li> <li>2. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel, para o alumnado que superase todas as materias agás unha (na avaliación extraordinaria e non antes), sempre que se cumpran simultaneamente os seguintes criterios:</li> </ol>

## 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matrículas de honra (ESO/BAC)

<p><b>2.1. Criterios xerais</b></p>	<p><b>MATRÍCULA DE HONRA NA ESO</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. O alumnado que, logo da avaliación final de 4º curso, obtivese unha nota media dese curso igual ou superior a 9 poderá recibir unha mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo a un número de alumnas e alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado no centro docente en 4º curso.</li> <li>- No caso de que o alumnado con media superior a 9 en 4º de ESO supere</li> </ol>
-------------------------------------	---

o 5% aplicaranse os seguintes criterios para proceder ao desempate:

a) Nota media máis alta en toda a etapa da ESO.

b) Nota media máis alta en 3º de ESO.

#### MATRÍCULA DE HONRA EN BACHARELATO

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do 2º curso, obtivese unha nota media dese curso igual ou superior a 9 poderá recibir unha mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo a un número de alumnas e alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado no centro docente en 2º curso.

- No caso de que o alumnado con media superior a 9 en 2º de Bacharelato supere o 5% aplicaranse os seguintes criterios para proceder ao desempate:

a) Nota media máis alta en toda a etapa de Bacharelato.

b) Nota media ponderada das materias de 2º de Bacharelato en función das horas semanais.

c) Nota media ponderada das materias de 1º de Bacharelato en función das horas semanais.